

ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARTEIXO (EMMA)

EXTRACTO BANCO DE INSTRUMENTOS

TÍTULO V: DOS RECURSOS MATERIAIS

“... Capítulo 2: Banco de instrumentos

A EMMA ten como obxectivo xeral a formación práctica en música. Para o seu cumprimento, o servizo de préstamo ten como finalidade incentivar a aprendizaxe nun instrumento favorecendo o acceso aos medios físicos para levalo a cabo, aplicando o principio de igualdade de oportunidades coa aplicación do establecemento de características, condicións e criterios para ser persoa beneficiaria do préstamo.

O Concello de Arteixo habilitará partida orzamentaria para a adquisición de instrumentos. Aos efectos de unha mellor adaptación da organización do banco á demanda do alumnado, a Comisión de Valoración elevará proposta das características dos instrumentos a incorporar para o préstamo determinando a concreción do número de instrumentos e, polo tanto, do número de beneficiarios

Existen dúas modalidades de disposición dos instrumentos:

1. **Instrumentos de aula.** Son os que utiliza o profesorado durante as clases e aqueles que se prestan ao alumnado para estudar no centro, sen que poidan sacarse fóra do mesmo.
2. **Instrumentos de préstamo.** Os instrumentos aquí regulados cédense ao alumnado durante un curso completo para o seu uso exclusivo.

Artigo 48.- Características do préstamo

1. O alumnado que desexe acceder a un instrumento en préstamo deberá facelo constar cubrindo un impreso de solicitude ao inicio do curso (modelo normalizado) nas datas aprobadas para tal fin.
2. O acceso ao préstamo de instrumento virá determinado pola puntuación obtida de acord co establecido na presente ordenanza
3. O préstamo concederáse por un curso académico debendo formalizar nova solicitude cada curso no que se desexe acceder ao préstamo.
4. Ao rematar cada curso, a persoa beneficiaria do préstamo devolverá o instrumento nos 3 días seguintes ao remate do período lectivo. No caso de solicitar en cursos sucesivos e resultar beneficiario, o

instrumento físico que utilizará en préstamo será o mesmo que o usado por primeira vez (agás causas xustificadas).

5. O préstamo efectuarase previa formalización do correspondente documento de préstamo (contrato), que deberá ser asinado pola persoas usuaria ou por pai/nai/titor/titora no caso de alumnado menor de idade. Neste documento especificaranse as condicións do préstamo.
6. Previo á sinatura do contrato indicado, deberase formalizar seguro para o instrumento que se terá en condición de préstamo. Ademais dos danos, o seguro deberá cubrir roubo ou perda.

Artigo 49.- Acceso ao servizo de préstamo

Poderán acceder ao servizo de préstamo de instrumentos musicais da EMMA o alumnado matriculado empadroadado no Concello de Arteixo cando a unidade familiar non dispoña do mesmo instrumento que o solicitado e que reúna os requisitos e condicións definidas ao efecto.

Artigo 50.- Condicións do préstamo

O acceso ao préstamo dalgún instrumento da EMMA do Concello de Arteixo, implica a aceptación das seguintes condicións:

- 1º. Os instrumentos son propiedade do Concello de Arteixo, polo que estes deberán ser devoltos no prazo de 3 días desde que concurra calquera das seguintes circunstancias:
 - Remate do curso
 - Baixa na EMMA (deixar de ser alumnado da Escola)
- 2º. Serán causa de retirada do instrumento as seguintes:
 - Expulsión da Escola por apertura de expediente disciplinario por faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas ou conductas disruptivas
 - Uso indebido ou deterioro manifesto do instrumento prestado. Nestes casos, a persoa docente notificará a situación á dirección da Escola que a elevará á Comisión de Valoración que será o órgano que tome a decisión, debendo procederse á notificación da mesma.
- 3º. O instrumento deberá ser devolto nas mesmas condicións en que lle foi prestado e sempre en bo estado de conservación, de forma que poida ser utilizado por outro alumnado
- 4º. Serán por conta do alumnado os gastos que deriven do uso e a adquisición de pequeno material como cordas, canas, etc.
- 5º. Os instrumentos de vento prestaranse sen boquilla, sendo obriga do alumno/a mercala.

- 6º. As persoas usuarias faranse cargo do importe das posibles reparacións que eventualmente se tiveran que realizar para manter o instrumento en bo estado de conservación. A tal efecto, as labouras de mantemento e reparacións derivadas serán a cargo da persoa beneficiaria do préstamo.
- 7º. O control de uso será asumido polas persoas que sexan titoras e informarán puntualmente á dirección da Escola dos posibles desperfectos sufridos polos mesmos, tanto dos de aula como dos de préstamo. No caso de detectarse unha mala conservación do instrumento, a dirección elevará información á Comisión de Valoración que celebrará reunión para a toma de decisións e a aplicación das medidas correspondentes estando obrigado o alumnado ou os proxenitores/titores a sufragar os gastos da reparación.
- 8º. No caso de perda ou roubo do instrumento, a persoa depositaria do instrumento (ou familia/titores no caso de menores de idade) asume a obriga de realizar as tramitacións correspondentes coa aseguradora coa que contrate o obrigatorio seguro para a reposición do instrumento á EMMA.

Artigo 51.- Criterios de baremación

Establécense criterios obxectivos para asignación de puntuacións. Aos efectos de acreditación, deberase aportar a documentación necesaria ou incorporarse ao expediente de solicitude os informes obrigatorios para a súa valoración.

51.1.- Criterio económico:

A puntuación deste apartado ven determinado pola renda per cápita da unidade familiar que se determina según a idade do beneficiario do préstamo.

O criterio básico para o cómputo é o que corresponda co IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) anual establecido para 12 pagas.

A puntuación que se adxudicará é a seguinte:

% IPREM	PUNTUACIÓN
50 %	10 puntos
60 %	9 puntos
70 %	8 puntos
80 %	7 puntos

90 %	6 puntos
100 %	5 puntos
110 %	4 puntos
120 %	3 puntos
130 %	2 puntos
140 %	1 puntos

51.2.- Criterio por formación no instrumental

Establécese puntuación derivada dos anos de práctica instrumental con aproveitamento que se esté recibindo no instrumento para o que se solicita o préstamo (pode non corresponder co curso no que esté matriculado nesa disciplina).

A puntuación será a seguinte:

PERÍODO LECTIVO DA FORMACIÓN INSTRUMENTAL NA EMMA	PUNTUACIÓN
1º ano	4 puntos
2º ano	3 puntos
3º ano	2 puntos
4º ano ou sucesivos	1 punto

No caso de que a persoa beneficiaria do préstamo estea repetindo curso en “práctica instrumental” no instrumento para o que solicita, obterá puntuación según ano de formación e non según curso no que esté matriculado.

51.3.- Criterio de participación

A puntuación deste criterio supón a valoración da participación en actividades de conxunto ofertadas dentro da programación da EMMA ou a través de entidades asociativas do ámbito musical nas que esté funcionando ofertadas

ANO DE PARTICIPACIÓN	PUNTUACIÓN
1º ano de participación	1 punto
2º ano de participación	2 puntos
3º ano ou máis de participación	3 puntos

51.4. Criterio socio-familiar

SITUACIÓN	PUNTUACIÓN
Familia numerosa	1 punto
Familia monoparental	1 punto
Situacións de violencia de xénero	1 punto
Diversidade funcional	1 punto

Esta puntuación pode ser sumatoria podendo obterse un máximo de 4 puntos.

51.5. Criterios de acceso:

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, o acceso ao sistema de préstamos de instrumentos virá determinado do seguinte xeito:

- 1º. Según puntuación obtida de maior a menor
- 2º. En caso de empate na puntuación aplicarase o criterio de renda familiar tendo preferencia a menor renda per cápita
- 3º. O límite no acceso de beneficiarios ao sistema de préstamo virá determinado polo límite presupostario que anualmente se estableza para a adquisición de instrumentos e os existentes procedentes de compras de anos anteriores.

Artigo 52.- Documentación a aportar

Para a formalización de solicitude de acceso ao préstamo de instrumento, deberán aportar a seguinte documentación obrigatoria:

1. Modelo normalizado de solicitude
2. Fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade da persoa para a que se solicita o préstamo, dos proxenitores ou dos representantes legais segundo proceda.
3. Fotocopia do libro de familia ou documentación que o substitúa.

4. Impreso de autorización para a obtención dos datos tributarios do ano fiscal que corresponda das persoas que integran a unidade familiar con idade laboral. As persoas non obrigadas a declarar presentarán tamén a dita autorización. En todo caso, é obriga e responsabilidade das familias estar ao corrente nos seus datos fiscais coa AEAT.

Para maior clarificación, considérase que forman parte da unidade familiar as seguintes persoas:

- Os cónxuxes ou titores legais ou parellas de feito.
- As fillas e os fillos menores que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- As fillas e os fillos maiores de idade cun grao de discapacidade superior ao 33% .

Para o cálculo da renda per cápita ou no caso de ser necesaria unha interpretación da situación derivada de casuísticas diferenciais, estarase ao disposto na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia como concreción das persoas integrantes da unidade convivencial.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero, para os efectos do cálculo da renda per cápita nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

Artigo 53.- Préstamos puntuais de instrumentos. Puntualmente pódese proceder ao préstamo dun instrumento previa solicitude do alumno/a ao director que o elevará perante a comisión de valoración que analizará e decidirá se este préstamo é factible e procede, así como a súa duración e as condicións...”